



IESCHA

<http://estudoschairegos.wix.com/iescha>  
estudoschairegos@gmail.com

Casa da Cultura - Praza de Suso Gayoso, 1 - 27800 VILALBA (LUGO)

## PRESENTACIÓN DO LIBRO

### MEMORIA DO CORPO

### XESÚS RÁBADE PAREDES

VENRES, 14 DE SETEMBRO DE 2018 - 20:30 horas

Casa da Cultura de Vilalba



O Instituto de Estudos Chairegos, o Concello de Vilalba e a Editorial Galaxia organizan o vindeiro venres, **14 de setembro** de 2018, ás 20:30 horas, na Casa da Cultura de Vilalba, a presentación do libro **MEMORIA DO CORPO** de **XESÚS RÁBADE PAREDES**, publicado pola Editorial Galaxia.

No acto intervirán: o propio autor do libro, Xesús Rábade Paredes; o poeta chairego, Martiño Maseda; a escritora Helena Villar Janeiro, e a presidenta do Iescha, Marisa Barreiro.

*Esta Memoria do corpo é un tempo de investigación para o autor.*

*Dentro de si mesmo, como debe de facer o poeta. É, sen dúbida, o seu mellor logro. E a frase non é arriscada. Así o sente o creador, que viaxa dende o barro por corpos e iniciacións eróticas e camiños que, coma todos os periplos, nos devolven ao punto de partida. Á palabra que funda o mundo. Aos sons primeiros que nos explican. Un poeta espido. Unha poética alicerzada na palabra. Cinco*

*anos despois. E todo o mundo aquí contado.* (<http://editorialgalaxia.gal/produto/memoria-do-corpo/>)



*Rábade Paredes, Xesús*

Xesús Rábade Paredes naceu en 1949 na Terra Chá luguesa. Estudou a carreira de Letras na universidade de Santiago e foi profesor de galego no ensino medio. Membro fundador do Pen Club de Galicia, Rábade Paredes é poeta, narrador e estudoso da literatura. Publicou numerosos libros e obteve varios premios. Así, por exemplo, foi galardoado co Premio Galicia polos libros *No aló de nós* e *Morrer en Vilaquinte*, elaborados conxuntamente coa súa dona Helena Villar Janeiro. Tamén recibiu o XIII Premio Esquí co poemario *Póldros de música*. En Galaxia, Rábade Paredes publicou, entre outros títulos, *Saraverde*, *Branca de Loboso*, *A palabra secreta* e *As sombras do barroco*.

En 2006 recibiu o Premio Blanco Amor de Novela Longa pola obra *Mentres a herba medra*, editada por Galaxia.